

Ola Chicas e chicos. Aquí vos deixo as solucións ás preguntas curtas sobre a Revolución Rusa.

Debedes corrixir, se é necesario, as vosas respostas. Polo que respecta ó esquema das páxinas 188 e 189 e ó resumo dos youtubes, debedes mandarmos ó meu correo electrónico rbeltrancarballeira@gmail.com

Temos que seguir traballando na casa, e facelo con continuidade. Non sabemos canto durará esta situación pero non podemos quedar “en barbeito” ou desaproveitaremos o curso.

Seguirei mandándovos tarefa (si xa sei, xa sei...) así que estade atentos a Aula Virtual e as indicacións que vos irei dando.

Ánimo e saúde.

DEFINICIÓNS TEMA 8

Doc.5 páxina 183. As diferentes forzas opositoras ó tsarismo eran moi variadas pero todas coincidían en reclamar liberdades políticas e profundos cambios sociais e económicos:

Os populistas querían a implantación dun socialismo agrario baseado na colectivización da terra.

Os menxeviques defendían que Rusia debía pasar por unha fase capitalista, despois dunha revolución burguesa, antes de emprender a revolución socialista.

Os bolxeviques tiñan como obxectivo derrocar o tsarismo e establecer una ditadura provisional do proletariado e campesiñado.

Os eseritas (Partido Socialista Revolucionario) sostiveron a tese do socialismo agrario e revolución campesiña e non burguesa, pero crían que antes era necesaria unha fase de desenvolvemento do capitalismo.

Os cadetes (partido Constitucional Democrático) pretendían transformar o réxime absoluto tsarista en constitucional, respectuoso cos dereitos individuais.

Menxeviques. Unha das dúas faccións nas que se fragmentou o POSDR. Defendían que Rusia debía pasar por unha fase capitalista, despois dunha revolución burguesa, antes de emprender a revolución socialista.

Bolxeviques. A outra facción do POSDR. O seu obxectivo era derrocar o tsarismo e establecer una ditadura provisional do proletariado e campesiñado.

Sóviets. Asembleas formadas por traballadores dunha localidade que se converteron nos organismos clave da revolución.

Duma. Parlamento concedido polo tsar no Manifesto de Outubro para acougar os ánimos tralo “Domingo Sanguento”, Tiña un poder lexislativo moi recurtado xa que o tsar conservaba o dereito a vetar calquera lei.

Goberno Provisional. O que se forma trala abdicación de Nicolau II, estivo presidido polo príncipe Lvov e formado maioritariamente por membros do partido KDT.

Exército Vermello. O exército creado para afrontar a Guerra Civil; dirixido por Trotski foi moi eficaz e disciplinado.

Doc. 11 páxina 187. Trala Revolución de febrero e a duplicidade de gobernos (provisional e sóviets) Lenin dá por rematada a fase burguesa da revolución e considera que é o momento de dar paso á segunda fase, a socialista, na que todo o poder debería recaer nos sóviets e nas mans *“do proletariado e dos sectores pobres do campesiñado”*. As medidas económicas que propón aparecen nos puntos 6 e 7: a confiscación das terras dos terratenentes, nacionalización de terras, fusión de todos os bancos nun só, de carácter nacional e controlado polos sóviets.